



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

### **ACTA DE DACIÓN DE CONTA DO INFORME EMITIDO POLO TÉCNICO INFORMÁTICO EN RELACIÓN AS PROPOSTAS DO SOBRE B PRESENTADAS POLOS LICITADORES EN FORMATO CD NO PROCEDIMENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN) PARA CONTRATACIÓN DAS OBRAS AS QUE SE REFIRE O PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN E SANEAMENTO EN RÚA CAMPO DO OUTEIRO", INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015.**

Na Casa do Concello de Camariñas, ás 10:00 horas do día 6 de febreiro de 2017, réunese a Mesa de Contratación, cuxa composición se deriva do acordo adoptado pola Xunta Goberno Local, órgano de contratación, en sesión de data 11 de novembro de 2016, estando presentes os seguintes membros:

#### **Presidente:**

D. Manuel Valeriano Alonso de León, Alcalde.

#### **Vogais:**

D<sup>a</sup> Sandra Insua Rial, Concelleira.

D. Juan Carlos Canosa Marcote, Concelleiro

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Loreto López Fernández, Secretaria da Corporación.

D<sup>a</sup> Paula Suárez Cotelo, Interventora da Corporación.

#### **Secretario:**

D. Victorino Nión Carril, funcionario administrativo adscrito a Secretaría.

É obxecto da reunión, acto non público, unha vez emitido o informe solicitado ao técnico informático D. José Manuel Sestayo López en reunión celebrada o pasado día 19/01/2017, proceder a dar conta á Mesa de Contratación das obras as que se refire o proxecto denominado "PAVIMENTACIÓN E SANEAMENTO EN RÚA CAMPO DO OUTEIRO", do dito informe emitido en data 27/01/2017 relativo a si a documentación/ofertas presentado/as polos licitadores en soporte CD no sobre B "referencias técnicas" está debidamente asinada dixitalmente e en formato pdf non sendo susceptible de alteración algunha e adopción dos acordos que procedan.

Dada a presenza do Presidente como do secretario así como dos vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación da Mesa de Contratación, polo que se procede:

#### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dáse lectura á acta da sesión anterior sen que se realice ningunha observación polos asistentes polo que esta se autoriza coa sinatura do secretario da Mesa e o visto e prace da presidencia.

#### **2º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME EMITIDO POLO TÉCNICO INFORMÁTICO.**

Seguidamente, o secretario da Mesa procede a dar lectura do informe emitido polo técnico informático que consta no expediente.

A vista do informe emitido a Mesa de Contratación por unanimidade dos seus membros, acorda:

**Único.-** Admitir ao licitador núm. 18 MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L. e ao licitador núm. 23 CYS HISPANIA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L., que teñen presentado a documentación do sobre B de "referencias técnicas" en soporte CD e en consecuencia dar traslado ao Comité de Expertos da documentación incluída no sobre B destes dous licitadores para que sexa considerada por dito órgano no informe a emitir en cumprimento do solicitado por esta Mesa de Contratación en data 19 de xaneiro de 2017.



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
**A CORUÑA**

Non sendo outro o obxecto da reunión e non habendo máis asuntos que tratar, a presidente levanta a sesión, sendo as 10:15 hora do día da data, do que como secretario dou fe co visto e praxe da Presidencia.

Vº e Praxe,  
O PRESIDENTE,  
D. Manuel Valeriano Alonso de León

O SECRETARIO,  
D. Victorino Ni3n Carril